

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 20 DE MARZO DE 2024**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte de marzo de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a interventora xeral municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS**

**1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a apertura do procedemento de contratación - mediante lotes - da subministración de produtos de alimentación (Lote 1) e produtos de limpeza (Lote 2) no Fogar do Transeúnte, a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado. Exp. Ref. 2024/C004/000008.

Tamén se acorda a apertura do procedemento de adxudicación da contratación da subministración dun vehículo pa mixta retrocargadora de nova fabricación para o Parque Móbil, a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto. Exp. Ref. 2024/C004/000009.

Acórdase a adxudicación do Lote 1 da contratación dun servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos municipais (Lote 1: mecánica para camións e Lote 2: mecanizado todos os vehículos municipais). Exp. Ref. 2024/C003/000002.

Tamén se acorda a aprobación do procedemento de licitación para a autorización de instalación de postos de venda de mercadorías no Arde Lucus 2024 prorrogable para o ano 2025. Exp. Ref. 2024/C013/000001.

**2. FOMENTO.-** Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a entidade Gadisa Retail, S.L.U., para a celebración do Arde Lucus 2024.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac6475089522135928117.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20-3-2024

Tamén se acorda a aprobación do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a entidade Centro Comercial As Termas para a celebración do Arde Lucus 2024.

**3. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de operario/a pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2022).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 4 prazas de celador/a de CEIP, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, 1 en quenda de acceso libre reservada a persoas con discapacidade (OEP 2022) e 3 en quenda de acceso libre (OEP 2023).

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de educador/a social pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OEP 2022).

Tamén se acorda a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 3 prazas de técnico/a medio/a de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna (1 pertencente á OEP de 2022 e 2 pertencentes á OEP de 2023).

Acórdase a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 3 prazas de técnico/a medio/a de xestión pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre (2 pertencentes á OEP de 2022 e 1 pertencente á OEP de 2023).

### **ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS**

**4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.-** Acórdase a aprobación da solicitude de subvención e compromiso de cofinanciamento do obradoiro dual de emprego "Salus Lugo" ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Xunta de Galicia) - Código de Proxecto: 242410202.

Tamén se acorda a aprobación da solicitude de subvención e compromiso de cofinanciamento do obradoiro de emprego "Hortus Lugo" ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (Xunta de Galicia) - Código de Proxecto: 242410201.

### **ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA**

**5. PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIADÁ.-** Acórdase a retirada do asunto relativo á aprobación das autorizacións para a venda ambulante no mercado de Frigsa, ano 2024.

Acórdase a validación do gasto relativo á factura número 82/2023 por omisión da función interventora.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**